

O CONSUMO DE TABACO EN GALICIA DURANTE 2017

En Galicia, dende o ano 2005, realízase unha enquisa telefónica a poboación de 16 anos en diante, co obxectivo de coñecer a prevalencia de diferentes condutas de risco para a saúde e de prácticas preventivas (SICRI). Os seus resultados, xunto co deseño e os instrumentos de medición, pódense consultar na páxina web da DXSP [[ligazón](#)].

En 2017, recolleuse información de 7.841 residentes en Galicia, e nese ano a prevalencia de consumo de tabaco nos de 16 e máis anos de idade era do 19'7%, o 16'0% fumaba a diario fronte ao 3'7% que o facía de xeito ocasional [Apéndice]. A prevalencia de consumo era máis alta nos homes, tanto en global (23'8% vs. 16'0%) como nos grupos de idade considerados; e, entre estes, os de 25 a 44 anos tiñan a prevalencia máis elevada (28'9%). En Galicia, a prevalencia de consumo de tabaco entre as mulleres de 65 anos en diante continúa a ser moi baixa (2'4%).

En global, os homes probaron o tabaco e comezaron a fumar de xeito regular por termo medio 1 ano antes que as mulleres. A idade media de inicio no consumo de tabaco situouse nos homes nos 16'6 anos e a de consolidación nos 19'3 [Apéndice]. Ao considerar o grupo de idade, obsérvase un adianto nas idades de inicio e de consolidación.

Neste punto compre destacar que no grupo de idade de 16 a 24 anos as idades de inicio e de consolidación son iguais en homes e mulleres, 16 e 17 anos respectivamente.

A prevalencia de consumo de tabaco diminuíu en Galicia dende 2007, sendo o descenso máis relevante nos homes [Apéndice].

Os datos aquí presentados poñen de manifesto a necesidade de seguir a traballar na prevención e na deshabitación do consumo de tabaco. Incorporar o consello sanitario en tabaco na práctica clínica (duración máxima de 2-3 minutos) demostrou ser unha ferramenta eficaz para promover o abandono do consumo.

As consultas de Atención Primaria constitúen o nivel sanitario máis axeitado para a intervención en tabaquismo, xa que a porcentaxe de poboación que acode a consulta é elevado e ademais acode en repetidas ocasións, o que facilita a detección, tratamento e seguimento dos pacientes no proceso de deixar de fumar.

A implicación dos profesionais de Atención Primaria é fundamental para conseguir que a prevalencia de consumo de tabaco siga a diminuír en Galicia.

<http://dxsp.sergas.es>

A VARICELA EN GALICIA DURANTE 2017

A incidencia de varicela notificada en Galicia durante 2017 foi a máis baixa dende 2011, e racha coa tendencia a medrar que se viña observando nos últimos anos [Apéndice], asociada en boa medida á retirada da vacina da varicela das farmacias, ocorrida en setembro de 2013 [[Venres](#)].

Ao tomar como referencia a incidencia media do cuadrinio 2013-2016, en 2017 a incidencia descendeu un 33% e fixoo en todos os grupos de idade [Apéndice]. Ademais, os maiores descensos están relacionados directa ou indirectamente coa vacinación fronte á varicela.

No grupo de 0 a 4 anos, observouse un descenso do 38%, mais este grupo agocha unha grande heteroxeneidade nos descensos observados nas distintas idades simples que o compoñen. En concreto, o descenso acadou o 71% nos que tiñan 1 ano de idade, e un 57% nos que tiñan dous, como resultado da vacina que recibiron aos 15 meses de idade. No resto de idades do grupo o descenso non superou o 25%.

De feito, a efectividade vacinal directa nos nados en 2016 foi do 95% e nos nados en 2015 do 84%, que fican dentro do esperado.

No grupo onde están a meirande parte das nais e pais de nenos e rapaces, os de 30 a 39 anos, observouse un descenso superior ao do resto de grupos de idade (do 37-39%), previsiblemente polo efecto indirecto da vacinación infantil.

Con todo, o grupo no que foi maior o descenso (do 50%) é o de 20 a 24 anos. Trátase, xunto ao de 15 a 19 anos, dun grupo etáreo distinto porque, neles, nos últimos anos a incidencia amosou unha tendencia ao descenso e non ao ascenso, como no resto de grupos de idade.

Nos de 20 a 24 anos isto poderíase deber a que cada ano incorporábase ao grupo unha nova cohorte que tivo acceso á vacinación fronte á varicela aos 12 anos, os nados de 1993, que en 2017 cumpriron 24 anos, en diante.

ABROCHO DE ÉBOLA NA REPUBLICA DEMOCRÁTICA DO CONGO

Dende o 4 de maio estase a desenvolver un abrocho de ébola na República Democrática do Congo (RDC), e a 13 de maio ían notificados 44 casos (21 sospeitosos, 20 probables e 3 confirmados), con 23 falecidos, que supoñen unha letalidade do 52%. Tres dos casos son traballadores sanitarios. Os casos notificados circunscribíense ás zonas veciñas de Bikoro, Iboko e Wangatai, e á cidade de Mbandaka.

Avaliación do risco (Ministerio de sanidade): Polas características desta zona xeográfica, a experiencia previa das autoridades da RDC con este tipo de epidemias e a rápida resposta internacional, as probabilidades de expansión internacional, fóra dos países limítrofes, son moi reducidas.

De cambiar o risco de expansión, comunicarase en *Venres*.

O CONSUMO DE TABACO EN GALICIA DURANTE 2017


Definición:

Fumador diario é a persoa que fuma todos os días, e **fumador ocasional** a que fuma pero non o fai a diario.

Idade de inicio é na que se manteñen os primeiros contactos co tabaco; e, **idade de consolidación**, na que se empeza a fumar de xeito regular.


Figura:

Prevalencia de consumo de tabaco (diario ou ocasional) nos residentes en Galicia de 16 e máis anos de idade, de 2006 a 2017, en homes e mulleres



A VARICELA EN GALICIA DURANTE 2017

Evolución: Incidencia (casos por cen mil habitantes) de varicela notificada en Galicia de 1994 a 2017



Ano 2017: Incidencia (casos por cen mil habitantes) de varicela notificada en Galicia en 2017 e descenso (%) que esta supón a respecto da incidencia media do cuadrenio 2013-2016, por grupos de idade (en anos), en Galicia.

Idade	00 a 04	05 a 09	10 a 14	15 a 19	20 a 24	25 a 29	30 a 34	35 a 39	40 a 44	45 a 50	50 +	Todos
Incidencia	3.322	1.965	600	47	38	73	64	58	48	34	10	257
Descenso	38%	27%	6%	6%	50%	27%	37%	39%	31%	24%	7%	33%

NOTA: A situación da varicela en Galicia ao longo de 2018 pódese consultar na páxina web da DXSP na seguinte [ligazón](#).